



INSTRUCCIÓN RELATIVAS A ENTRADA EN VIGOR DO REAL DECRETO-LEI 6/2019, DO 1 DE MARZO, DE MEDIDAS URXENTES PARA GARANTÍA DA IGUALDADE DE TRATO E DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES NO EMPREGO E A OCUPACIÓN.

O Título VI da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece os dereitos e deberes individuais dos empregados públicos.

Os empregados públicos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 2/2015, do 29 de abril, na sección 2ª do capítulo IV ten dereito ao disfrute dunha serie de permisos retribuídos que se ven afectados pola entrada en vigor do Real Decreto-lei 6/2019, do 1 de marzo, de medidas urxentes para a garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación.

No artigo 3 deste Real Decreto-lei modifícase o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro e, polo tanto, a súa disposición adicional única. "*Adaptación normativa.*" , establece ..." todas as referencias realizadas en textos normativos as prestacións e permisos de maternidade e paternidade entenderáanse referidas as novas prestacións e permisos contemplados neste real decreto-lei.

Non obstante, a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no seu artigo 121 atribúe a nai funcionaria un permiso retribuído de vinte e dúas semanas ininterrompidas. Este mesmo suposto esta recollido no artigo 122 en relación co permiso por adopción ou acollemento.

En consecuencia, dado que estes artigos melloran o que establece o Real Decreto-Lei 6/2019, seguirán sendo de aplicación en esta administración pública. Así mesmo, serán de aplicación todas as referencias que se establezan na Lei 2/2015, do 29 de abril, que melloren o dito real decreto-lei.

De acordo co anterior, do propio texto desprende que é de aplicación directa para todas as administracións públicas o establecido no Real Decreto-Lei 6/2019, do 1 de marzo, polo que a súa eficacia terá efectos a partir do 1 de abril de 2019.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director xeral da Función Pública

José Mª Barreiro Díaz.

